



Aínda que naceu no sur de Italia, **Ángelo Néstore** (Lecce, 1986) é de Málaga e escribe en castelán. A súa obra xira en torno ao poético, que el entende como un territorio queer no que a poesía se hibrida con disciplinas como a performance, as artes escénicas, a música ou a narrativa. Publicou *Hágase mi voluntad* (XX Premio de Poesía Emilio Prados, 2020), *Actos impuros* (XXXII Premio de Poesía Hiperión, 2017) –traducido ao inglés co título *Impure Acts* por Lawrence Schimel na editorial neoiorquina Indolent Books- e *Adán o nada* (2017). En 2021 sairá a súa primeira colección de poesía en italiano, titulada *I corpi a mezzanotte*. Actualmente co-dirixe o Festival Internacional de Poesía de Málaga Irreconciliables, é director editorial da editorial de poesía Letraversal e profesor no Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Málaga.

Para alén disto, con dezaoito anos alzouse co Premio á Mellor Interpretación Masculina no Concurso Nacional de Teatro Vittorio Gassman de Roma. As súas últimas obras teatrais son o monólogo en homenaxe a Gloria Fuertes *Esto no es un monólogo, es una mujer* (autor e director) e a peza en solitario *Lo inhabitable*, na que dialogan poesía, teatro e performance. En 2018 concedeuse o Premio Ocaña á súa traxectoria poética no XXI Festival Internacional de Cine LGBT de Extremadura.

#### INSEPULTO

*Mi madre compró un nicho en Italia y me dijo:  
aquí descansaremos los dos con tu padre.*

*Y, de repente, imagino su cráneo apoyado sobre mi cráneo,  
refugiados en la madera del árbol que nos vio nacer, y le sonrí.*

*Su esperanza me roza como una caricia  
para que un día deje España y vuelva,  
la suya es una promesa de amor eterno.  
Pienso en mi madre, en mi padre y en mí, convertidos en polvo,  
una familia sin descendencia, mediterránea,  
unida en la muerte como nunca lo estuvo en vida.*

*Algún día el conserje barrerá las flores podridas,  
nos dejará desabrigados frente al mundo,  
mirará el nicho e intuirá nuestro amor en la foto familiar con fondo blanco  
entre tanto hueso desnudo,  
igual de seco, igual de blanco.*

*Si lo pienso un nicho es la utopía perfecta:  
sin hombres o mujeres, todos extranjeros.*

*Guardamos un mundo ideal dentro,  
en nuestros huesos, pero tan lejano.*

*La tumba es el modelo de familia definitivo.  
Deberíamos meter todos la cabeza en un nicho  
hasta que deje de dolernos el mundo.*



## (ÁNGELO NÉSTORE)

Luns 23 de novembro  
20:30


ÁGORÀ

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

# Poetas Di(n)versos<sup>2020</sup>





Maria Ramos

Nome crucial da nova poesía galega, **Ismael Ramos** naceu en Mazaricos en 1994. Alí viviu os primeiros anos da infancia para despois mudarse á vila costeira de Noia. En Santiago de Compostela formouse como filólogo, con especial atención cara á Teoría da Literatura e a Literatura Comparada. Dende entón, ten exercido como responsable de comunicación no eido cultural, editor e libreiro.

Xa moi novo comezou a colaborar en revistas e recitais. Mesmo fixo parte do consello de redacción dunha delas, a histórica Dorna. Ten participado en encontros e festivais poéticos nacionais e internacionais; os seus poemas poden lerse en castelán, finés, francés, húngaro ou portugués, e a súa obra aparece recollida en antoloxías referenciais como *No seu despregar* (2016), *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017), *Poetízate* (2018) ou *Piel fina. Joven poesía española* (2019).

Estreouse nas librarias en 2016, tras gañar o Premio Johán Carballera con *Os fillos da fame*, ao que lle seguiría en 2017 o seu último título ata a data: *Lumes*. Traducido por el mesmo ao castelán como *Fuegos* (2019), o poemario gañou o Premio Javier Morote outorgado polas librarias independentes españolas (CEGAL) ao mellor libro publicado por un autor/a novo/a nese ano. Actualmente traballa no seu próximo libro, que será publicado na primavera de 2021.

C

#### REPARACIÓN

*Na casa de enfrente o home serra, martela.  
Cada poucas semanas inicia unha obra nova sen sabermos se rematou a anterior.  
Ningún veciño atende. Salvo eu, esta mañá.  
Sento no escritorio e intento contar a historia dos meus nervios.  
Fixo unha data concreta e despois serro, martelo. Espanto paxaros.  
Os meus nervios son homes que entran e saen.  
Escribo unha parábola sobre a traizón do mundo contra o mundo.  
Un só home que entra e sae. Unha vez.  
Esperto cedo e non recibo visitas.  
Na casa de enfrente o veciño comeza a traballar antes ca min.  
Ningún dos dous sabe da tarefa do outro: os avances, a duración.  
O traballo é un misterio. Fixo unha data concreta dende a que empezar. Continúo.  
O poema de amor sobrevive ao amor.  
Preto de aquí, un home adulto chora na ducha durante dous, tres minutos.  
Despois le algo que o reconforta.*



## (ISMAEL RAMOS)

Luns 23 de novembro

20:30

ÁGORÀ

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)



Ismael Ramos



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

# Poetas Di(n)versos<sup>2020</sup>

